

CMUS Profesional de Viveiro



CONCELLO DE VIVEIRO



**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2019/2020**

FUNDAMENTOS DE COMPOSICIÓN

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES	3
1.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	3
1.2. MÍNIMOS ESIXIBLES	3
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	4
2.1. AVALIACIÓN	4
2.2. CUALIFICACIÓN FINAL	4
2.3. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO	4
2.4. PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DA 1ª – 2ª AVALIACIÓN	5
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)	5
3.1. ACTIVIDADES	5
3.2. METODOLOXÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE)	5
3.3. MATERIAIS E RECURSOS	5
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	5
4.1. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS	5
4.2. PUBLICIDADE	5

INTRODUCCIÓN

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa con motivo da situación de estado de alarma solicita facer esta adaptación da programación da materia de Fundamentos de Composición de 6º de Grao Profesional para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

1.1. Criterios de avaliación

- O grao de profundización e coñecementos requiridos estarán baseados soamente na primeira e segunda avaliación
- Realizar exercicios de contrapunto rigoroso a dúas voces buscando avaliar a capacidade do alumno de crear boas melodías.
- Realizar exercicios de contrapunto imitativo onde poder avaliar a capacidade do alumno para asimilar as principios técnicas imitativas do contrapunto.
- Realizar exercicios de contrapunto invertible onde poder avaliar a capacidade do alumno nesta técnica contrapuntística.
- Analizar corais e invencións de J. S. Bach onde o alumno amosará a súa capacidade para recoñecer os elementos e os procedementos utilizados nas obras destes xéneros no estilo de J. S. Bach.
- Analizar formas ternarias, sonatas e Lied que sirvan ao alumno como modelo para compoñer as súas primeiras obras libres onde se buscará desenvolver a espontaneidade creativa do alumno.
- Utilizar instrumentos na composición de exercicios ou pequenas obras onde se comprobará o grao de coñecemento dos instrumentos e a idoneidade de elección instrumental e dos recursos utilizados por parte do alumno.
- Tocar nun instrumento polifónico tódolos traballos realizados.

1.2. Mínimos esixibles

O alumnado que adquira o mínimo de coñecementos e destrezas que se indican poderá aprobar a materia.

- Coñecemento teórico dos contidos correspondentes a primeira e segunda avaliación de grao profesional de Fundamentos de Composición.
- Realización dos exercicios contrapuntísticos propostos na clase de acordo ás regras do contrapunto rigoroso.
- Compoñer un mínimo de tres obras en diferentes estilos e diferentes plantillas ao longo de todo o curso.
- Interpretación ao piano dos exercicios realizados
- O grao de profundización e coñecementos requiridos estarán baseados soamente na primeira e segunda avaliación.
- De ser posible, ampliarase a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado (nunca minorando a cualificación).

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

2.1. Avaliación

Procedementos e ferramentas de avaliación:

Probas escritas: : teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación e realizaranse por vía telemática (videoconferencia etc.) para o reforzo/ampliación/recuperación a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as cualificacións)

Observación sistemática: se establece este procedemento para valorar as actividades de repaso/reforzo/ampliación/recuperación por vía telemática a partir da declaración do estado de alarma, deixando constancia dos resultados obtidos polo alumnado empregando o procedemento ordinario (caderno de seguimento do alumnado) e tendo en conta que en ningún caso minorarán as cualificacións.

Técnicas audiovisuais: de ser o caso, enviarase por parte do alumnado material audiovisual (audio /video) que sirva de referencia para valorar as aprendizaxes do alumnado a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as cualificacións).

Informes: de ser o caso establecerase o procedemento telemático axeitado para o envío dos mesmos a partir da declaración do estado de alarma, tendo en conta o resultado soamente para incrementar a cualificación outorgada.

2.2. Cualificación final

Se trata dun proceso de evolución progresiva e contínuo, motivo polo que os resultados acadados polo alumnado na 2ª avaliación non están illados, senón que son froito do proceso de aprendizaxe desde o comezo do curso académico, motivo polo que o cálculo da cualificación final será realizado mediante o seguinte procedemento: **Tomarase como referencia a cualificación obtida na 2ª avaliación tendo en conta o carácter contínuo da materia** e poderá incrementarse en 2 puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

2.3. Proba extraordinaria de setembro

O alumnado que non acade unha cualificación positiva (puntuación de 5 ou superior) na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será nos primeiros días do mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A proba extraordinaria consistirá na realización de un exercicio de contrapunto de especies e unha composición para piano e outro instrumento con forma ternaria a partir dun arranque proposto polo tribunal. Na proba utilizaranse medios telemáticos.

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

- Exercicio contrapunto 50%
- Traballo de composición 50%

2.4. Procedemento para a recuperación da 1ª – 2ª avaliación

O alumnado que non acadase unha avaliación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá recuperala mediante a realización de clases, probas e/ou envío de arquivos que serán valoradas tendo en conta o establecido na presente modificación da programación didáctica.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

3.1. Actividades

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores.

O alumnado que non adquirise as aprendizaxes imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu proceso formativo.

3.2. Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

O seguimento do alumnado para aqueles casos que non teñan a posibilidade de acceder a medios telemáticos e/ou conectividade será mediante chamada telefónica ou por correo ordinario.

3.3. Materiais e recursos

Os recursos telemáticos con que contamos son principalmente internet, correo electrónico e teléfonos móbiles con Whatsapp

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

4.1. Información ao alumnado e ás familias

A principal vía de comunicación co alumnado e familias será a páxina web do centro.

Empregarase igualmente a comunicación por email, videoconferencia e/ou outras que permita un seguimento contínuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

4.2. Publicidade

A información as familias da presente programación didáctica será a través de email/videoconferencia e/ou outros mecanismos.

A dirección do centro procederá á publicación das mesmas na páxina web co fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa.